

MARCO XERAL

1. Centrado nas liñas maestras da política sanitaria da Consellería de Sanidade (Plan de Saúde).
2. Traslación de esas directrices estratéxicas aos equipos directivos por medio do Protocolo de Obxectivos Estratéxicos (POE).
3. Implicación nos obxectivos estratéxicos dos profesionais dos centros a través dos cargos intermedios (xefes de servizo, de unidade, coordinadores/as de enfermaría..).
4. Transmisión das directrices estratéxicas da Consellería aos que deben de ser os grandes beneficiados : os usuarios.



ASPECTOS ORGANIZATIVOS :

- 1. Elaboración do Plan de Actividade anual polo centro (XAP), unha vez establecido o Plan de Obxectivos Estratéxicos (POE).
- 2. Aprobación do Plan de Actividade por Asistencia Sanitaria.
- 3. Entrega dos pactos de obxectivos aos servizos.
- 4. Supervisión do Plan de Actividade pola División de Asistencia Sanitaria.

NORMAS XERAIS :

- 1. Incentive e preserve a autonomía e responsabilidade dos profesionais.
- 2. Para poder acadar os incentivos relacionados co Protocolo de Actividade existen uns obxectivos básicos de obrigado cumprimento :
 - ✓ Horario. A xornada laboral do profesional será á estipulada pola normativa vixente para o mesmo :
 - o Cada axenda médica ofertará unha marxe mínima de atención por consulta á demanda por enfermidade de 4 horas, entre o primeiro e o último doente apuntado para consulta.
 - o Cada axenda de pediatría ofertará unha marxe mínima de atención por consulta á demanda por enfermidade de 4:30 horas, entre o primeiro e o último doente apuntado para consulta.
 - o Cada axenda de odontólogo ofertará unha marxe mínima de atención por consulta á demanda por enfermidade de 5 horas, entre o primeiro e o último doente apuntado para consulta.
 - ✓ Historia Clínica. Complementación da Historia Clínica modelo de A.P. segundo a normativa vixente (carpeta exterior, folla de problemas, folla de seguimento, folla de Actividades Preventivas...)

- ✓ Rexistro de captación de crónicos alomenos nas seguintes patoloxías: HTA, Diabetes, Hipercolesterolemia, Obesidade, Cardiopatía Isquémica e Pacientes inmobilizados, Pacientes terminais.
 - ✓ Protocolización das patoloxías crónicas: Cumprir a utilización da Guía de Procedementos Clínicos en A.P. de acordo os Criterios Mínimos de Calidade nela reflectidos.
- 3. Os obxectivos serán pouco numerosos, claros e fácilmente avaliábeis (con datos obtidos do sistema de información oficial)
 - 4. Existirán dous tipos de obxectivos :
 - ✓ Comúns ao S.A.P. : segundo a carteira de Servizo do centro.
 - ✓ individuais : de cada profesional
 - 5. A aplicación da porcentaxe nos obxectivos será diferente para os cargos intermedios (chefes de servizo, x. de unidade, coordinadores/as de enfermaría..) e para o resto de profesionais.
 - 6. Estrutura : O protocolo de actividade recollerá, como mínimo, as seguintes áreas:
 - ✓ obxectivos da área administrativa
 - ✓ obxectivos da área asistencial
 - ✓ obxectivos de calidade e accesibilidade
 - ✓ obxectivos de formación e investigación
 - ✓ obxectivos de servizo
 - ✓ obxectivos de farmacia
 - 7.- O CPV mídese dende que se entrega aos profesionais (obxectivos en xuño → mídese dende xuño ata fin do ano)